



CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS CONTRA OS RESULTADOS PROVISIONAIS DO POSTO DE CONSERXE DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA A ELABORACIÓN DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN 2016-2017 DO CONCELLO DE MOAÑA

Os membros do Tribunal proceden ao estudo e análise das alegacións presentadas polos distintos aspirantes, que a continuación se detallan:

Con data 01/02/2016, rexistro de entrada número 701, **Francisco Lorenzo Piñeiro**, presenta escrito no que solicita a repetición do exame por considerar que algunhas das preguntas non son acordes co temario:

O Tribunal, por unanimidade, considera que o temario para o posto de Conserxe de servizos múltiples é o coherente co posto a desenvolver tendo en conta que, nas propias bases, se establece que: “As principais funcións a realizar serán as seguintes: • Abrir e pechar os locais que teñen asignados • Atender e informar aos usuarios do centro • Realizar as tarefas en coordinación coa persoa responsábel do departamento. • Manter a orde e coidado dos materiais do local. • Realizar as tarefas de mantemento e reparación básicas. • Revisar o estado xeral do centro e avisar en caso de necesidade de reparacións. • Realizar a limpeza das dependencias. • Realizar aquelas outras tarefas afíns ao posto.” Neste sentido, o temario a desenvolver que constaba dos seguintes apartados: 1.- Coñecementos básicos sobre albanería, carpintería, electricidade e fontanería. 2.- Coñecementos básicos sobre xardinería. 3.- Vixilancia e custodia de edificio, resulta de entidade suficiente para ser acorde co posto de traballo a desempeñar, polo que a alegación formulada polo recorrente resulta integramente **desestimada**.

Con data 01/02/2016, rexistro de entrada número 721, **Francisco Abellán Martínez**, presenta escrito no que solicita a anulación da pregunta nº 16 de (modelo A) en castelán. O motivo da anulación é por considerar que a palabra “trencha” non estaba traducida ao castelán.

O tribunal revisa a pregunta e verifica que na RAE non existe a palabra trencha polo que a súa pretensión resulta **estimada**. Neste sentido, e xa que o recorrente fixo a solicitude por escrito da necesidade de ter o exame en castelán, o Tribunal considera que, neste caso, debe anularse a pregunta nº 16 (modelo A) en castelán e pasar a corrixir a primeira pregunta de reserva pasando a obter a seguinte puntuación: 5,73 pts.

Con data 01/02/2016, rexistro de entrada número 722, **Patricia Carrera Monroy**, presenta escrito no que solicita a anulación da pregunta nº 1 de (modelo B) en castelán. O motivo da anulación é por considerar que a palabra “trencha” non estaba traducida ao castelán.

O tribunal revisa a pregunta e verifica que na RAE non existe a palabra trencha polo que a súa pretensión resulta **estimada**. Neste sentido, e xa que a recorrente fixo a solicitude por escrito da necesidade de ter o exame en castelán, o Tribunal considera que, neste caso, debe anularse a pregunta nº 1 (modelo B) en castelán e pasar a corrixir a primeira pregunta de reserva pasando a obter a seguinte puntuación: 6,40 pts.



Con data 01/02/2016, rexistro de entrada número 702, **Juan José Barragáns Paz**, presenta escrito no que solicita anulación das seguintes preguntas:

- Pregunta nº 11 (modelo A). Considera que as respostas dan lugar a erro motivando que as avarías poden proceder doutras partes da caldeira que as poden provocar. O Tribunal analiza a pregunta formulada no exame, e considera que de todas as respostas facilitadas a que ten que ver coa avaría máis frecuente é a chama do acendido con independencia do motivo que a provoque. Polo que a alegación resulta **desestimada**.
- Pregunta nº 3 -reserva- (modelo A). Considera que ningunha das respostas posibles resulta axeitada co contido da pregunta en relación ca calor, presión e oxidación. O Tribunal analiza a pregunta e considera que esta pode resultar ambigua en atención a si se deben ter en conta todos o simplemente algún dos factores de calor, presión e oxidación. Polo que a alegación resulta **estimada**.

Os aspirantes que a continuación se detallan solicitan, **dentro do prazo establecido**, revisión do exame:

NOME E APELIDOS*	DATA SOLICITUDE	Nº REXISTRO
JUAN JOSE BARRAGANS PAZ	01/02/16	702
YOLANDA OGANDO ESTEVEZ	30/01/16	695
SEBASTIAN PIÑEIRO PAZO	30/01/16	696
GONZALO BAQUEIRO BERMUDEZ	01/02/12	743
GONZALO BAQUEIRO BERMUDEZ	25/01/16	469

*O Tribunal estima que as persoas anteriormente relacionadas, poderán examinar a proba realizada, o día **18 de febreiro de 12.00 a 14.00h**. As persoas que solicitaron copia do modelo de exame tamén poden obtela no dpto. de información do Concello ata o 29 de febreiro ou na páxina web.

As alegacións realizadas fora do prazo previsto (30 xaneiro e 1 de febreiro) resultan desestimadas por extemporáneas.

Moaña, 16 de febreiro de 2016.

A secretaria